

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día doce de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1506).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1507).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE AULAS DE FORMACIÓN ABERTA- UNIVERSIDADE DE VIGO POLA CELEBRACIÓN DAS XIII XORNADAS INTERNACIONAIS SOBRE ASOCIACIONISMO NOS PROGRAMAS UNIVERSITARIOS DE MAIORES. EXPTE. 11924/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.12.14, o informe de fiscalización do 11.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 1.12.14, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

Recibido solicitude para concesión dunha subvención directa á Asociación de Aulas de Formación Aberta-Universidade de Vigo-Campus para celebración das XIII Xornadas Internacionais sobre Asociacionismo nos Programas Universitarios de Maiores, o funcionario que asina ten a ben informar o seguinte:

A educación en todos os eidos forma parte dos intereses en línea de actuación da administración co gallo de promover a formación continuada a o longo de toda vida e cunha especial incidencia na chamada terceira idade que, debido o incremento do número de estas persoas e as melloras sociais, forman parte da poboación interesada en continuar a formación.

Paulatinamente se observa un incremento da poboación que dentro da “Civilización do Ocio” atopan unha nova vida no estudio e na actualización como persoas.

Deste xeito a Universidade facilitou o acceso a esta parte da poboación os estudos universitarios no so como formativos senón como transmisores dos beneficios que a institución universitaria pode aportar a sociedade.

Asemade para facilitar este acceso o camiño mais doado é, o asociacionismo que facilite a comunicación, a información, e a guía para desenvolverse nesta etapa da formación.

As xornadas internacionais sobre asociacionismo de programas universitarios para maiores, tratan de organizar a participación, a información e o intercambio de experiencias entre asociacións de alumnos das diferentes universidades públicas e privadas que imparten programas para maiores en España e Portugal, realizándose por primeira vez en Galicia, e Vigo tivo a singularidade de ser a primeira cidade de referencia para o estudo e debate da evolución dos Programas Universitarios de Maiores, recoñecidos na Unión Europea dentro do Plan Bolonia.

O Concello de Vigo conta entre as súas directrices e intereses a promoción da formación entre os maiores coma unha parte importante do benestar social, tratando directa ou indirectamente coma e o caso de favorecer estes intercambios que contribúan a o incremento de benestar e a educación continuada.

A Administración conta entre as súas competencias con todas aquelas actividades de carácter lúdico ou cultural que afecten a numerosos grupos de cidadáns, con especial incidencia no eido didáctico, como é o caso presente. Pola contra, non sempre é posible acadar estes fins de xeito directo, aínda máis tendo en conta o variado tecido social da cidade.

Deste xeito esta entidade presenta unha solicitude de subvención, que pode ser tramitada con cargo á seguinte partida 912.0.489.00.04 “Outras Subvencións” do orzamento actual ou á súa bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento dos servizos.

Trátase dunha subvención para un acto único a desenvolver durante este ano, considerado de importancia pola súa transcendencia cultural, didáctica e administrativa recollida de xeito xenérico no art. 25.1 da Lei 27/2013, como promoción de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das comunidades.

A entidade ASOCIACIÓN DE AULAS DE FORMACIÓN ABERTA-UNIVERSIDADE DE VIGO-CAMPUS (G-36949006) aporta a documentación necesaria e imprescindible para obter subvención da Administración Local.

Por tratarse dunha subvención destas características podería ser concedida ó abeiro do art. 22.2.c, da vixente Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo seu interese social.

Por todo o exposto, *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

“Conceder a ASOCIACIÓN DE AULAS DE FORMACIÓN ABERTA-UNIVERSIDADE DE VIGO-(G-36949006) , unha subvención por importe de 7.260 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola celebración das “XIII Xornadas Internacionais sobre Asociacionismo nos Programas Universitarios de Maiores”, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 “Outras Subvencións” , do orzamento actual, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo”

Todo isto con arreglo ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

- 1. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- 2. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*
- 3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.*
- 4. A beneficiaria, antes do día 17 de decembro de 2014”, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi deeuros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.
Se o beneficiario solicitara devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. Antes de proceder ao pago da sub-*

vención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante os oportunos certificados acreditativos.

5. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
6. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguimento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas por ASOCIACIÓN DE AULAS DE FORMACIÓN ABERTA-UNIVERSIDADE DE VIGO- , serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
10. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
11. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1508).- RECURSOS DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTRACIÓNS E ALIMENTACIÓN -2014:

a) 97487/301.

Visto o informe de fiscalización do 9.12.14, dáse conta do informe-proposta do 19.11.14, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benetar Social, a xefa do servizo e o xefe da área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordi-

na e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dítou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificar para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo II figura como denegada a solicitude presentada por D. Heriberto Javier García Concepción, sendo a causa concreta da denegación a consignada nas Bases segunda e sétima (Apdo.7.1.1), que esixen unha antigüidade mínima de empadramento de todos os membros da unidade de convivencia de tres (3) anos desde a publicación das Bases e a convocatoria das axudas; requisito que o solicitante non cumpriría.

I.9. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local o interesado presentou o 16.10.2014 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 140124606) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministrados e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2.O recurso potestativo de reposición presentado por D. Heriberto J. García Concepción diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2014, desestimatorio da súa solicitude de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso do Sr. García Concepción; recurso que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisada de novo a súa solicitude resulta que, en efecto, a pesar de que a presentou o 30.06.2014 (Doc. nº 140080654) e se lle requiriu posteriormente a achega de determinada documentación complementaria o 11.09.2014, en ningún momento advertiuselle de que él incumpría o requisito de antigüidade no PMH nin tampouco se lle deu a posibilidade de reformular a solicitude de axuda para a súa unidade de convivencia, á que podería ter accedido perfectamente de presentala a súa cónxuxe.

Estas disfuncións no proceso de tramitación administrativa de solicitudes, alleas ós interesados, non deberían en ningún caso prexudicarlles e obrigará a valorar de novo, en vía de recurso, a si-

tuación socio-económica dos integrantes desta unidade; valoración da que, iso sí, excluírase para os efectos de cómputo do seu número ó solicitante, por incumprir o mencionado requisito. En consecuencia, revisada e valorada de novo polo Departamento de Benestar social a súa solicitude, debe recoñecérselle á unidade de convivencia do Sr. García Concepción o dereito a percibir, de acordo coas Bases aprobadas e con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», unha axuda por importe total de 552,60 €, resultado de multiplicar o número de puntos que lle corresponden (ingresos: 426€ + 24,25€ - deducción aluguer: 225€ = 4 puntos) polo valor asignado a este (138,15 €), en aplicación do disposto na Base 14ª e ccdtes.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D. Heriberto Javier García Concepción (DNI/NIE/Pasaporte nº 039498333) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2014 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», recoñecéndolle á unidade de convivencia o dereito a percibir unha axuda en tal concepto por importe total de 552,60 €, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02.

SEGUNDA: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

b) 98392/301.

Visto o informe de fiscalización do 9.12.14, dáse conta do informe-proposta do 19.11.14, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a xefa do servizo e o xefe da área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fo-

gar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se

presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificarse para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo II figura como denegada a solicitude presentada por D^a M^a Helena Hernández Gabarri, sendo a causa concreta da denegación a falta dalgunha da documentación requirida nas Bases, como así se fixo constar.

I.9. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 20.10.2014 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 140126319) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministradores e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2.O recurso potestativo de reposición presentado por D^a M^a Helena Hernández Gabarri diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2014, desestimatorio da súa

solicitud de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Hernández Gabarri; recurso que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, sí consta a presentación en prazo da documentación complementaria requirida mediante oficio de data 28.08.2014: contrato de aluguer/declaración responsable e xustificantes de pagamento das mensualidades de maio e xuño de 2014, non estimándose imprescindible para resolver esta solicitude a achega da copia dos extractos da conta bancaria na que se lle ingresa a RISGA desde o mes de abril de 2014 (oficio do 24.09.2014).

En consecuencia, revisada e valorada de novo a súa solicitude de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle á Sra. Hernández Gabarri o dereito a percibir con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014» unha axuda por importe total de 1.795,95€, resultado de multiplicar o número de puntos que lle corresponden (ingresos: 729,53€ - deducción aluguer: 400€ = 13 puntos (11+2 adics.: Base sétima, Apdo. 7.1.5, *in fine*) polo valor asignado a este (138,15 €), en aplicación do disposto na Base 14ª e ccdtes.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por Dª Mª Helena Hernández Gabarri (DNI/NIE/Pasaporte nº 3468020-B) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2014 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto por importe total de 1.795,95€, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02.

SEGUNDA: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

c) 97129/301.

Visto o informe de fiscalización do 9.12.14, dáse conta do informe-proposta do 19.11.14, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benetar Social, a xefa do servizo e o xefe da área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordi-

naria e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificarse para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo II figura como denegada a solicitude presentada por D. Puiu Durac, sendo a causa concreta da denegación a superación do nivel de renda previsto nas Bases (Base sétima), como así se fixo constar.

I.9. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local o interesado presentou o 20.10.2014 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 140126062) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).

- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministradores e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2.O recurso potestativo de reposición presentado por D. Puiu Durac diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2014, desestimatorio da súa solicitude de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccetes. LRX-PAC), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso do Sr. Durac; recurso que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, resulta que a resolución da Consellería de Traballo e Benestar de concesión da RISGA ó interesado, por importe de 399,38€/mes para o periodo 01.07.2014 – 01.07.2015, tivo efectos económicos do 01.06.2014 e comezou a percibir o 01.07.2014 (data de pagamento), polo que no mes considerado para os efectos destas axudas (maio 2014) o recorrente non contaba con eses ingresos que determinaron a súa denegación.

En consecuencia, revisada e valorada de novo a súa solicitude de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecerse a D. Puiu Durac o dereito a percibir con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014» unha axuda por importe total de 1.934,10€, resultado de multiplicar o número de puntos que lle corresponden (ingresos: 0€ - deducción aluguer: 150€

= 14 puntos) polo valor asignado a este (138,15 €), en aplicación do disposto na Base 14ª e ccdtes.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D. Puiu Durac (DNI/NIE/Pasaporte nº X9160725-D) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2014 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto por importe total de 1.934,10€, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02.

SEGUNDA: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

d) 97923/301.

Visto o informe de fiscalización do 9.12.14, dáse conta do informe-proposta do 19.11.14, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benetar Social, a xefa do servizo e o xefe da área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONTENUR, S.L., á vista do informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 21 de novembro de 2014, valorando os criterios avaliáveis mediante fórmula e establecendo a puntuación final. Este informe poderá consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONTENUR, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de reposición e mantemento das areas biosaudables” (expediente 7641-446) por un prezo de 38.205,33 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1515).- PROPOSTA DE AXUSTE DOS IMPORTES DAS ANUALIDADES DOS ANOS 2014-2015 DO EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE 1600 ENTRADAS PARA PRESENCIAR OS PARTIDOS DO R.C. CELTA DE VIGO NAS COMPETICIÓN DE LIGA, COPA E PARTIDOS DE CARÁCTER AMIGABLE. EXPTE. 13337/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.12.14, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de setembro de 2014, acordou Adxudicar ó REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2014-2015 por un prezo total de 169.400 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ó IVE de 29.400 euros, pola compra de 1.600 entradas por partido para un mínimo de 20 partidos, o que fai un total de 32.000 entradas.

O gasto impútase a aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" e coa seguinte distribución anual:

- 2014: 67.760,00 €. (iva incluído).
- 2015: 101.640,00 €. (iva incluído).

Con data 19 de setembro, formalizouse o contrato vinculado coa dita adquisición de entradas para os partidos a celebrar durante a tempada 2014/2015. Tras a formalización do contrato, e según os datos confirmados na Concellería de Deportes, o RC Celta de Vigo, disputou ata a data de hoxe 4 partidos, restando por celebrarse ata o 31 de decembro do 2014, 2 partidos de Liga máis (30/11/14 e 21/12/14) e un partido de Copa do Rey (16/12/14), o que conleva que no ano 2014 o RC Celta disputará un máximo de 7 partidos no Estadio Municipal de Balaidos.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Tendo en conta os antecedentes descritos, e que o máximo número de partidos que o RC Celta vai disputar no ano 2014 no Estadio de Balaidos vai ser de 7, solicítase o axuste dos importes das anualidades dos anos 2014 e 2015 vinculadas co contrato, tal como se detalla a continuación:

- 2014: 59.290,00 €. (iva incluído).
- 2015: 110.110,00 €. (iva incluído).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1516).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME DO CASCO URBANO I-2014. EXPTE. 2894/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico da Área e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 15 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014 (expediente 71990-250)

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a proposta de adxudicación do procedemento aberto contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014 (expediente 71990-250).

2.- Fundamentos xurídicos:

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente 71990/250, define no punto 4, da cláusula 1), que o director facultativo das obras será o responsable da comprobación e vixilancia da correcta execución das obras conforme ó proxecto aprobado e as condicións establecidas nos pregos e no contrato, sen prexuízo das facultades do responsable do contrato.

Así mesmo indica que dita dirección facultativa será nomeada polo órgano de contratación, para o cal se deberá atender a técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate e as súas funcións atópanse recollidas no punto 4, da cláusula 1 do PCAP.

No apartado 5 da cláusula 1 do PCAP que regula o citado expediente defínese que o coordinador de seguridade e saúde será o responsable da coordinación e saúde na obra coas competencias determinadas no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. Será nomeado polo órgano de contratación no acordo de adxudicación do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con

relación á obra de que se trate, podendo recaer o cargo no director facultativo das obras.

A disposición adicional cuarta da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) sinala que “as titulacións académicas e profesionais habilitantes para desempeñar a función de coordinador de seguridade e saúde en obras de edificación, durante a elaboración do proxecto e a execución da obra, serán as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, de acordo coas súas competencias e especialidades”.

Na esfera das Administracións Públicas, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde poden ser atribuída a técnicos da propia Administración ou a facultativos externos, que contén coa titulación profesional esixida. No último caso a través dun contrato de servizos tramitado á marxe do expediente de contratación (se se contratara cunha consultora sería esta a que nomease ao referido facultativo).

A competencia profesional dos enxeñeiros de camiños canles e portos ten o seu fundamento na Lei de 20 de xullo de 1957, de ensinanza técnica; o Decreto de 6 de maio de 1965, de especialidades das escolas técnicas de grado superior, e o Real decreto de 30 de agosto de 1991 que se refire ao título universitario de enxeñeiros de camiños, canles e portos e directrices xerais dos seus plan de estudos, ademais da normativa que as desenrola.

De toda a anterior normativa dedúcese, indubidablemente a competencia destes profesionais nas materias de: “construción”, “transportes”, “hidráulica”, “enerxía”, “enxeñería marítima e costeira”, “urbanismo, ordenación do territorio e medio ambiente”.

3.- Proposta:

En relación o citado expediente para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014, dende a Concellería de Fomento procedeuse polo procedemento de contrato menor, da contratación dos servizos de coordinación de seguridade e saúde das citadas obras, sendo adxudicado a Cies Atlántico S.L.U, o cal procedeu a nomear como Coordinador de Seguridade e Saúde ao técnico:

- *Maximino García Sánchez, D.N.I. 36.090.677-C, Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo.*

En relación a dirección facultativa das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014, dende a Concellería de Fomento propónse ao técnico municipal

- *D. Agustín Rodríguez Carballo, enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, adscrito ao posto de xefe do servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo.*

En conclusión cos antecedentes descritos e tendo en conta que o obxecto das obras descritas no proxecto de obra consiste na realización das obras previstas no proxecto “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO I-2014”, que comprende actuacións nas rúas Pizarro (entre Praza de España e Vázquez

Varela) e avenida da de Madrid e nos túneis de Praza España e Martínez Garrido, considerase adecuado o nomeamento dos técnicos mencionados en función da súa titulación.

O nomeamento dos responsables da Dirección facultativa, así como do Coordinador de Seguridade e Saúde correspóndelle o órgano de contratación, de acordo o estipulado no PCAP, (artigo 1, puntos 4 e 5).

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación da seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o nomeamento como Director Facultativo das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014 ao enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, D. Agustín Rodríguez Carballo, técnico municipal adscrito a Concellería de Fomento.

Segundo: Aprobar o nomeamento como Coordinador de seguridade e saúde das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014 a o Técnico da empresa Cies Atlántico S.L.U, D. Maximino García Sánchez, D.N.I. 36.090.677-C, coa titulación de Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo.

Terceiro: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria do expediente de contratación do procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme do casco urbano I-2014 (71990/250)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1517).- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE E PROGRAMA DE TRABALLO DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO”. EXPTE. 2770/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 9.12.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 1 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO”. EXPTE. 2517/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO”. EXPTE. 2517/440, a favor da mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU., por un prezo total de 219.472 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO". EXPTE. 2517/440.

Con data 21 de novembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. OSCAR PEREIRO TAIBO como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO". EXPTE. 2517/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 3 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO". EXPTE. 2517/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO". EXPTE. 2517/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 02-12-2014
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 02-12-2014

Con data 05-12-2014 a dirección facultativa formada por D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto *PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:*

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU. con data 02-12-2014 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 05-12-2014 asinados por D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como director facultativo nomeado para as obras de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO". EXPTE. 2517/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA PRAZA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, ENTRE O CAMIÑO MEDEIROS E O CAMIÑO SOBREIRO NO CALVARIO". EXPTE. 2517/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1518).- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE E PROGRAMA DE TRABALLO DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTOR CANOA". EXPTE. 2769/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 9.12.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440, a favor da mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL., por un prezo total de 169.050 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440.

Con data 12 de novembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D^a REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 14-11-2014
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 17-11-2014

Con data 05-12-2014 a dirección facultativa formada por D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL. con data 14-11-2014 e 17-11-2014 respectivamente e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 05-12-2014 asinados por D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como director facultativo nomeado para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CANOA". EXPTE. 2471/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1519).- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE E PROGRAMA DE TRABALLO DAS OBRAS "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE ROADURA EN DIVERSAS RÚAS". EXPTE. 2768/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 4.12.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440, a favor da mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU., por un prezo total de 265.281,07 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440.

Con data 26 de novembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ROBERTO PÉREZ PROL como Coordinador de

Seguridade e Saúde para a obra "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 21-11-2014
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 21-11-2014

Con data 3-12-2014 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU. con data 21-11-2014 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 03-12-2014 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "MELLORA DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS E RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS PEONÍS E DE RODADURA EN: SUBIDA Á MADROA E NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS; SUBIDA MOUTEIRA EN BEMBRIVE E RÚA SEIXO EN BEADE; RÚAS ROTEA DE ABAIXO, GANDARÓN, CAMIÑO FERMÍN E BAGUNDA; RÚA SANTA MARIÑA; CAMIÑO FONDO EN CASTRELOS E HUMANIZACIÓN DA RÚA PEDREIRA. FASE II". EXPTE. 2501/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1520).- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE E PROGRAMA DE TRABALLO DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9, FASE I". EXPTE. 2767/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 4.12.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". EXPTE. 2491/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". 2491/440, a favor da mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU., por un prezo total de 251.652 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. JUAN HANSEN GARCÍA e D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ

como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". EXPTE. 2491/440.

Con data 12 de novembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D^a REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". EXPTE. 2491/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". EXPTE. 2491/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". EXPTE. 2491/440, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 02-12-2014
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 02-12-2014

Con data 04-12-2014 a dirección facultativa formada por D. JUAN HANSEN GARCÍA e D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU. con data 02-12-2014 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 04-12-2014 asinados por D. JUAN HANSEN GARCÍA e D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". EXPTE. 2491/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS-TEIS, ENTRE A RÚA SANTANDER E O PASO SUPERIOR SOBRE A AP-9. FASE I". EXPTE. 2491/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1521).- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE E PROGRAMA DE TRABALLO DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO". EXPTE. 2771/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 10.12.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO". EXPTE. 2493/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO". EXPTE. 2493/440, a favor da mercantil PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA., por un prezo total de 148.580 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO". EXPTE. 2493/440.

Con data 13 de novembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D^a REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO". EXPTE. 2493/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 28 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO". EXPTE. 2493/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que “cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato”.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO”. EXPTE. 2493/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 05-12-2014
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 05-12-2014

Con data 09-12-2014 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA. con data 05-12-2014 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 09-12-2014 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO”. EXPTE. 2493/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO E O SEU ENTORNO”. EXPTE. 2493/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1522).- PLAN DE CONTORL DE CALIDADE E PROGRAMA DE TRABALLO DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2766/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 4.12.14, conformado polo asesor xurídico e polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2490/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. 2490/440, a favor da mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL., por un prezo total de 179.760 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D. JUAN HANSEN GARCÍA e D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2490/440.

Con data 21 de novembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL..

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou nomear a D^a REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2490/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 3 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2490/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que “cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato”.

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS”. EXPTE. 2490/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.*

- *Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.*

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- *Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 01-12-2014*
- *Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 01-12-2014*

Con data 02-12-2014 a dirección facultativa formada por D. JUAN HANSEN GARCÍA e D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de novembro de 2014, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL. con data 01-12-2014 e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 02-12-2014 asinados por D. JUAN HANSEN GARCÍA e D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS". EXPTE. 2490/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA EN TEIS". EXPTE. 2490/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.